



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO TRAMITACIÓN URGENTE DAS OBRAS DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A ALDEA DE ARRIBA SANTA Mª DE SACOS (COTOBADE)”

1.Obxecto do contrato.

O contrato terá por obxecto a execución da obra de “**MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A ALDEA DE ARRIBA SANTA Mª DE SACOS (COTOBADE)**”.

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto forma parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

O obxecto do contrato é a realización da obra de referencia de acordo co réxime de dereitos e obrigas determinadas no presente prego de cláusulas administrativas e documentación técnica que se adxunta.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obra, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro.

2.Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Mediante a execución do contrato ao que se refire este prego de cláusulas administrativas particulares satisfaise a necesidade de mantemento da rede viaria de titularidade municipal para garantir a seguridade vial dos seus usuarios.

3.Presuposto base de licitación

O presuposto base de licitación ten un importe de 154026,51 € (127294,64 € e 26731,87 € de IVE)

4.Aplicación orzamentaria.

O proxecto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 453/619.

5.Réxime xurídico do contrato e documentos que teñen carácter contractual

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

-Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

-Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do sector público.

-Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña ao Real decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



6.Prazo de execución

O prazo de execución é de **CATRO MESES** contado a partir da data seguinte á comprobación do replanteo.

7.Procedemento de adxudicación

A forma de adxudicación é o procedemento aberto mediante tramitación urxente, en que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Para a avaliación das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro

8.Gastos a aboar en caso de renuncia ou desistimento.

En caso de renuncia ou desistimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que incorrese.

9.Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co perfil de contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellodecotobade.org.

10.Clasificación esixible

Non é preciso a clasificación do contratista.

11.Garantías esixibles

Provisional: Non se esixe.

Definitiva: A oferta economicamente mais vantaxosa deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

12.Presentación de ofertas

As ofertas presentaranse no Rexistro do Concello de Cerdedo-Cotobade sito no lugar de Chan 11 (Carballedo) C.P. 36856 en horario de Rexistro (9:00 a 14:00 horas de luns a venres) no prazo de **TRECE DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta, o mesmo día, mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do devandito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os cinco días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición nen tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do empresario das cláusulas deste prego.

Forma en que deben presentarse as ofertas

As ofertas presentaranse en dous sobres pechados e numerados correlativamente coa seguinte lenda e documentación:

A) SOBRE "A". DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Conterá unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración segundo o modelo normalizado que se recolle no Anexo I

Non obstante, o licitador en cuio favor recaiga a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante a órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez da documentación expresada na cláusula 20.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



B) SOBRE “B”. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA DE CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO DO CONTRATO DE OBRA DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A ALDEA DE ARRIBA SANTA Mª DE SACOS (COTOBADE)”

Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato, debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. A oferta económica presentarase conforme ao modelo que se incorpora como anexo II do presente prego.

A.Oferta Económica. (segundo Anexo II)

B.Ampliación do prazo de garantía (segundo Anexo II) **Non se terá en conta a ampliación do prazo de garantía por enriba dos tres anos (Un ano establecido polo prego e dous anos mais ofertables polas empresas).**

C.Oferta relativa á melloras da condicións funcionais, dos materiais e, en xeral, en calquera modificación que represente un aumento na calidade final do proxecto executado (segundo Anexo II) de acordo coa proposta que constitúe anexo ao proxecto.

13.Criterios para a adxudicación do contrato

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación que se puntuarán en orde decrecente:

- Prezo
- Ampliación do prazo de garantía
- Melloras

A ponderación realizarase atendendo ás seguintes regras:

A)Con respecto á mellor contía da baixa ofertada, aplicarase un valor de 10 puntos á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor polo procedemento de regra de tres.

B)Aplicarase un valor máximo de 14 puntos polo compromiso de execución de melloras de acordo coas puntuacións e propostas que formula este prego de cláusulas administrativas particulares no seu Anexo II.

C)Con respecto á ampliación do prazo de garantía, aplicarase un valor de 2 puntos respectivamente á mellor das ofertas presentadas, obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor, polo procedemento de regra de tres.

A puntuación máxima a obter será de 26 puntos.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



No caso de que se produza un empate resolverase en favor daquela oferta que dea lugar a unha maior baixa económica e, de persistir, mediante sorteo público.

14.Cualificación dos documentos:

A mesa de contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma, constituíndose formalmente para este acto e procedendo a abrir os sobres, con exclusión do que conteña a oferta económica.

Se a mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarao a través do Perfil do Contratante, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles desde o seguinte a súa publicación, para que os licitadores os corrixan ou subsanen.

15.Acto de apertura:

Posteriormente celebrarase acto público de apertura das proposicións económicas, constituíndose a estes efectos a mesa que se anunciará mediante anuncio publicado no Perfil de Contratante.

A Mesa de Contratación realizará proposta de adxudicación ao órgano de contratación da oferta máis vantaxosa non incurso en temeridade.

16.Mesa de Contratación:

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vocais:

- Un representante do grupo municipal do PSOE.
- A Interventora de Fondos do Concello.
- O Secretario do Concello.
- Un técnico a designar pola Presidencia.

Secretario: Un funcionario adscrito ao departamento de Secretaría.

17.Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentase para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

O carácter desproporcionado ou temerario das baixas apreciarase de conformidade co disposto non artigo 152 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro de acordo cos criterios obxectivos que se establecen nos artigos 85 e 86 do Regulamento xeral da lei de contratos.

18.Confidencialidade

Sen prexuízo das disposicións do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro relativas á publicidade da adxudicación e á información que se debe dar aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

19.Revisión de prezos

Non se contempla.

20.Adxudicación.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **CINCO DÍAS HÁBILES**, a contar desde o seguinte a aquél en que recibira o requirimento, presente a seguinte documentación:

1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica: Os empresarios individuais, copia compulsada do DNI e a acreditación de estar dados de alta no réxime de autónomos co pago do recibo correspondente.

Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

Deberán aportar, ademais, copia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF).



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



2º) Documentos acreditativos da representación: Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición xunto cunha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

3º) Verificación de poderes: Os poderes aos que se refire o apartado 2 da presente cláusula bastantearanse por parte do Secretario da Corporación unha vez aberta a documentación administrativa.

4º) Unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

5º) Certificacións do cumprimento das obrigas tributarias coas Administracións do Estado, Autonómica e coa Seguridade Social.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

6º) Alta referida ao exercicio corrente ou último recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade concreta sobre a que se ofrece, completado coa declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do devandito imposto.

7º) Acreditación da solvencia:

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica e profesional do empresario deberá acreditarse cos medios seguintes:

-Solvencia financeira:

Volume anual de negocios relacionado co obxecto do contrato por importe igual ou superior ao da presente licitación.

-Solvencia técnica e profesional:

A solvencia técnica e profesional acreditarase polos seguintes medios:

Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos **cinco anos** que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Deberá acreditarse de forma inexcusable a realización de seis obras de obxecto similar á que se licita e cun orzamento igual ou superior ao licitado.

8º)Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que poidan derivarse das súas actuacións, mediante póliza por unha contía mínima de 300.000 euros, que se actualizará anualmente, segundo a variación do índice de prezos ao consumo, certificada polo Instituto Nacional de Estadística.

9º)**Domicilio:**Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e telefax.

10º)**Rexistro de documentación de empresas contratistas nos Rexistros oficiais.**As empresas que estean dadas de alta no Rexistro oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (regulado por Regulamento de Contratos aprobado por R.D. 817/2009 de 8 de Maio) ou no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia , estarán eximidos de presentar a documentación prevista nos puntos 1 a 09.

Con tal fin, deberán presentar certificado expedido polo órgano competente (Ministerio de Economía y Hacienda ou da Xunta de Galicia) acreditativo de estar dados de alta no mencionado rexistro, onde figure o número de rexistro e a clasificación do contratista, ou, de non contar con clasificación, os datos relativos á solvencia económica e financeira **en ambos casos relacionada co obxecto do contrato.** A data de expedición do documento non poderá ser anterior a 6 meses antes do día de inicio do prazo de licitación. Nos casos nos que se achegue a citada certificación de inscrición no rexistro, deberá presentarse xunto a esta, copia do D.N.I ou Pasaporte da persoa que represente á empresa e con capacidade suficiente para asinar o correspondente contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador desistiu da súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión da adxudicación.

En particular expresará os seguintes extremos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.
- b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitira a súa oferta.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que se presentaran os restantes licitadores cuíñas ofertas foran admitidas.

Na notificación expresarase o prazo para a formalización do contrato que deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquél en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos

21. Dirección da obra e Delegado da obra

O director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada en obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.

22. Formalización do contrato

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de cinco días desde a data da notificación da adxudicación definitiva, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas, debidamente compulsados.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa custa os gastos derivados do seu outorgamento.

Se por causa imputable ao adxudicatario non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a resolución do mesmo, seguindo a tal efecto o procedemento establecido no artigo 109 do RD 1098/2001. En tal caso procederá a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados. Neste suposto, poderá adxudicarse o contrato á seguinte proposta máis vantaxosa.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



23.Comprobación do replanteo

Dentro do prazo de cinco días desde a formalización do contrato efectuarase a comprobación do replanteo, na data en que a administración sinale, quedando obrigado o contratista, previa notificación, a acudir ao mesmo e subscribir a correspondente acta, de conformidade co artigo 229 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a cinco días hábiles, contados desde a formalización do contrato. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o retraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixera constar na correspondente resolución motivada.

24.Plan de seguridade e saúde no traballo

No prazo de cinco días desde a notificación da adjudicación definitiva o contratista presentará ao órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado sobre a procedencia da súa aprobación.

Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, non fose posible empezar as obras ao recibir autorización para o inicio das mesmas, non poderá reclamar ampliación ningunha de prazo por este motivo.

O coordinador de Seguridade e Saúde deberá levar o libro de incidencias ao que se refire o artigo 13 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen medidas de seguridade e saúde nas obras de construción e remitir copia ao Concello das incidencias que anote nel.

25.Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

-Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

-O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde e a comunicar a apertura do centro de traballo e o inicio das obras.

-Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos dos anuncios de adjudicación, da formalización do contrato, pola obtención de avais, licenzas, permisos, autorizacións sectoriais, **publicidade imposta pola Deputación Provincial de Pontevedra** e outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e na contía que estas sinalen.

-Deberá obter, e coa antelación necesaria para que non se presenten dificultades no cumprimento do programa de traballos, todos os permisos e licenzas necesarios para a execución das obras.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Os gastos de xestión derivados da obtención destes permisos, serán sempre por conta do contratista. Así mesmo, aboará á súa custa todos os canons para a ocupación temporal de terreos para instalacións, explotación de canteiras, préstamos ou vertedoiros, e obtención de materiais.

-Todos aqueles que resulten de aplicación segundo o Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro

26.Prazos

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se estableceron, que comezarán a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación do replanteo.

27.Réxime de pagamentos

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se aboarán de conformidade co establecido nos artigos 217 e 232 do Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e 147 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para que as obras se executen no prazo ou prazos contractuais, salvo que, a xuízo da dirección das obras, existisen razóns para estimalo inconveniente. Con todo, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. As certificacións así expedidas só devengarán intereses por demora desde a data sinalada no artigo 152 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

28.Penalidades

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalguna das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

-Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

-Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 212 do Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave aos efectos previstos no artigo 118 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50 % do total da contratada como nova.

b) Por cumprimento defectuoso. Impoñeranse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir criterios de adxudicación. Impoñeranse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, se incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será dun 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora,



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos as penalidades indicadas no artigo 196.4 da Lei de Contratos do Sector Público serán substituídas polas seguintes:

REDUCCIÓN (% sobre o prazo de execución) Penalidades.

Ata un 5%,	0,50 por cada 1000€.
Ata un 10%,	0,55 por cada 1000€.
Ata un 15%,	0,60 por cada 1000€.
Ata un 20%,	0,65 por cada 1000€.
Ata un 25%,	0,70 por cada 1000€.
Ata un 30%,	0,75 por cada 1000€.
Ata un 35%,	0,80 por cada 1000€.
Ata un 40%,	0,85 por cada 1000€.
Ata un 45%,	0,90 por cada 1000€.
Ata un 50%,	0,95 por cada 1000€.
Ata un 55% ou máis,	1 por cada 1000€.

Iso en atención ao especial compromiso que supoña a oferta de diminución do prazo.

29.Subcontratación

Nos termos do artigo 227 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro.

30.Cumprimento do contrato

A recepción do contrato rexerese polo establecido no artigo 235 do Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- 1ª) O despexe final das obras, debendo o contratista restituír á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- 2ª) O cumprimento non defectuoso do contrato
- 3ª) O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- 4ª) O cumprimento das condicións de execución.

Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa sobre os postos de traballo creados así como sobre as altas de novos traballadores e as baixas que se produzan.

Recepcionada a obra:



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



-O director da mesma deberá realizar un informe no que se faga constar o número de traballadores que a empresa adxudicataria destinou á súa execución, con especificación do persoal integrado na empresa e o persoal de novo ingreso.

Deberá figurar nesa relación nomes e apelidos de cada un dos traballadores, o seu número de documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro. Ese informe deberá levar a sinatura da empresa adxudicataria manifestando a súa conformidade.

- O adxudicatario deberá aportar a seguinte documentación:

- Declaración xurada na que faga constar que o persoal integrado na empresa e o novo persoal que se destinou á execución da obra fose o mesmo que se fixo constar antes de que se iniciase a execución do contrato, ou que se comunicou durante a súa execución, sen que se destinase ningún outro persoal, e que a modalidade do contrato de traballo e a súa duración non sufriron modificacións respecto ao previamente declarado. Indicarase en todo caso, cal foi a duración dos contratos de traballo dos traballadores.

- Caso de persoal contratado exclusivamente para a obra: comunicación de fin de contrato e certificación de empresa, que preceptivamente se lles entregara ou procedera entregar.

O incumprimento das obrigas precisadas relativas aos traballadores contratados será considerado como moi grave, dando lugar ás sancións previstas para tales, sen prexuízo das indemnizacións que procedesen a consecuencia dos danos e prexuízos causados ao Concello, en canto á xustificación das subvencións outorgadas.

31.Modificación do contrato.

Una vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no devandito contrato por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente de acordo cos requisitos previstos no artigo 219 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. Hai que ter en conta que en ningún caso poderán afectar ás condicións esenciais do contrato.

A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

32. Resolución do contrato

A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da Lei de contratos do sector público e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 de dita Lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



33.Prazo de garantía

O prazo de garantía será de un ano e comezará a partir da data da recepción.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade da administración de, en caso de incumprimento, executar a custa daquel os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, aínda que esta terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.

34.Liquidación

Transcorrido o prazo de garantía ao que se refire a cláusula anterior procederase á liquidación do contrato conforme ao disposto no artigo 169 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

35.Xurisdición

As cuestións que se poidan suscitar durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a xurisdición contencioso administrativa.

Cerdedo-Cotobade 17 de febreiro de 2017

O Presidente

Jorge Cubela López



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



ANEXO I

D. (nome e apelidos da persoa individual que solicita), co NIF núm. _____, en nome propio (ou en representación de _____), con domicilio a efectos de notificacións en _____, participa no procedemento aberto para a prestación das obras de **“MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A ALDEA DE ARRIBA SANTA M^a DE SACOS (COTOBADE)”** e

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE :

1.Cumprir coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración

2.Que, no caso de recibir proposta de adxudicación en su favor, acreditará ante a órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez da documentación expresada na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas.

Data, lugar e sinatura do proponente.

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 69.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que “La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, de cualquier dato o información que se incorpore a una declaración responsable o a una comunicación, o la no presentación ante la Administración competente de la declaración responsable, la documentación que sea en su caso requerida para acreditar el cumplimiento de lo declarado, o la comunicación, determinará la imposibilidad de continuar con el ejercicio del derecho o actividad afectada desde el momento en que se tenga constancia de tales hechos, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que hubiera lugar.

Asimismo, la resolución de la Administración Pública que declare tales circunstancias podrá determinar la obligación del interesado de restituir la situación jurídica al momento previo al reconocimiento o al ejercicio del derecho o al inicio de la actividad correspondiente, así como la imposibilidad de instar un nuevo procedimiento con el mismo objeto durante un período de tiempo determinado por la ley, todo ello conforme a los términos establecidos en las normas sectoriales de aplicación.”)



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



ANEXO II

D. (nome e apelidos da persoa individual que solicita) co NIF número _____, en nome propio (ou en representación de _____), con domicilio a efectos de notificacións en _____, participa no procedemento aberto para a execución das obras de “**MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A ALDEA DE ARRIBA SANTA M^a DE SACOS (COTOBADE)**”, e comprométese a executar os citados traballos con estrita suxeición ao proxecto de obra, aos pregos e ás melloras ofertadas de acordo coas seguintes condicións:

Primeiro. Prezo.

A)SEN IVE (En número e letra) IVE (En número e letra) TOTAL (En número e letra)

Segundo. Melloras

O compromiso que asumo, baixo xuramento, de que as melloras sobre o proxecto orixinal son as seguintes (consignar dentro do recadro e de acordo co seguinte modelo un **SI** ou un **NON** en función de si se ofertan ou non a relación de melloras que a continuación se detallan. De non consignarse expresamente no recadro o **SI** entenderase que **non** se oferta a mellora de referencia):

500 ml de Tubería de polietileno alta densidad PE100, de 75 mm de diámetro nominal y una presión de trabajo de 16 kg/cm², colocada en zanja sobre cama de arena de 15 cm de espesor, i/p.p. de elementos de unión y medios auxiliares, incluso demolición de firme, excavación, preparación de la superficie de asiento, relleno con material de la propia obra o de préstamos, y la pavimentación posterior con 20 cm de zahorra artificial y 8 cm de mezcla bituminosa en caliente tipo AC16 Surf 50/70 D, terminado.

Precio unitario: 24,70 €/ml. **TOTAL: 12.350,00 € (Puntuación 4 puntos)**

90 ml de Tubería de PVC de 400 mm de diámetro nominal, para eliminación de cuneta enfrente de la Iglesia, colocado sobre el terreno actual, con solera y laterales de hormigón HM-20/P/20. Incluye la excavación necesaria para la colocación de la tubería.



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Precio unitario: 43,26 €/ml. **TOTAL: 3.893,40 € (Puntuación 2 puntos)**

□ 24 ml de Tubería de PVC de 400 mm de diámetro nominal, en formación de pasos salvacunetas, colocado sobre el terreno actual, con solera y laterales de hormigón HM-20/P/20. Incluye la excavación necesaria para la colocación de la tubería.

Precio unitario: 43,26 €/ml. **TOTAL: 1.038,24 € (Puntuación 1 punto)**

□ 3 ud de Construcción de reductor de velocidad para un ancho de calzada de hasta 6 m, incluyendo: Fresado por medios mecánicos, i/barrido y retirada del material del fresado a central autorizada de reciclaje. Mezcla bituminosa caliente tipo AC16 SURF 50/70 D (D-12), incluyendo fabricación, extendido y compactación, e incluido betún y riego de adherencia realizado con emulsión asfáltica tipo ECR-1, Pintado de marcas viales con pintura de dos componentes blanca.

Precio unitario: 1.550 €/ud. **TOTAL: 4.650,00 € (Puntuación 2 puntos)**

□ 195 m² de Mampostería de piedra granítica, en muros y obras de contención o sostenimiento, con acabado de cantera en cara vista, construido a base de piedra granítica cortada en bloque de peso superior a 750 kg/ud. Cada bloque se apoyará en su cara inferior en otros dos, por lo menos. Cada dos sogas se colocará un tizón, de profundidad mínima vez y media la hilada. En el intradós tendrá un desplome de 0,10 m por metro. Ripiado y terminado. Incluye la excavación y el relleno del trasdós necesarios para la construcción del muro.

Precio unitario: 64,23 €/m². **TOTAL: 12.524,85 € (Puntuación 4 puntos)**



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



□ 1 ud de Cubrecontenedor de cuatro cuerpos para albergar cuatro contenedores de 800 litros. Realizado con madera de pino tratada, incluso dos capas de pintura para exterior, con anclajes metálicos galvanizados.

Precio unitario: 1.678,00 €/ud. **TOTAL: 1.678,00 € (Puntuación 1 punto)**

TOTAL MELLORAS: TRINTA Y SEIS MIL CIENTO TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (36.134,49 €)

P3600048G

Terceiro. Prazo de Garantía

O compromiso que asumo, baixo xuramento, de que o prazo de garantía da obra estenderase durante un período dun ano segundo o disposto no prego de cláusulas e _____ anos mais (Tres anos como máximo en total: Un ano establecido polo prego e dous anos mais ofertables polas empresas).

Así mesmo, aportarei toda a documentación que se me requira polo Concello aos efectos de poder xustificar a subvención con que se financia esta obra.

Data, lugar e sinatura do proponente.